

**ABAU**  
**CONVOCATORIA DE XUÑO**  
**Ano 2017**

*CRITERIOS DE AVALIACIÓN*

**HISTORIA DA FILOSOFÍA**  
**(Cód. 34)**

**Criterios de avaliación do exame**

A cualificación global do exame distribúese do seguinte xeito:

**1ª parte.**- a cualificación máxima será de **6** pts.: **3** para o comentario e **3** para a cuestión proposta.

No comentario valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e estrutura argumentativa, e a relación entre o texto e un contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía).

A avaliación da cuestión teórica farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición.

Tanto no comentario como na cuestión, terase tamén en conta a corrección expresiva e gramatical.

**2ª parte.**- a cualificación máxima será de **3** pts.

A avaliación da cuestión teórica farase —coma no caso anterior— en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén se terá en conta a corrección expresiva e gramatical.

**3ª parte.**- a cualificación máxima será de **1** pto.

Cada unha das catro breves respostas (nome do filósofo; título da obra) terá unha cualificación máxima de **0,25** pts.

## OPCIÓN A

**1ª parte.-** Aplicaranse os criterios indicados ó comentario do fragmento (Descartes, *Regras para dirección do espírito*) e á cuestión *Descartes: o problema do método e a evidencia do cogito*.

**2ª parte.-** Aplicaranse os criterios indicados á cuestión *A orixe do cosmos na corrente presocrática*.

**3ª parte.-** a) O filósofo ó que corresponden os dous conceptos propostos (alienación; forzas productivas) é Karl Marx.

b) A resposta debe conter o título de dúas obras de Karl Marx.

## OPCIÓN B

**1ª parte.-** Aplicaranse os criterios indicados ó comentario do fragmento (Aristóteles, *Metafísica*) e á cuestión *Física e metafísica en Aristóteles*.

**2ª parte.-** Aplicaranse os criterios indicados á cuestión *Razón e progreso na Ilustración*.

**3ª parte.-** a) Os filósofos ós que corresponden os dous conceptos propostos son Friedrich Nietzsche (vontade de poder) e José Ortega y Gasset (razón vital).

b) A resposta debe conter o título dunha obra de Friedrich Nietzsche e outra de José Ortega y Gasset.